

## TERCEIRO DE GRAO ELEMENTAL

### PROBA DE TROMPETA

A proba de acceso a 3º de grao elemental constará da presentación de **duas obras ou textos** á libre elección do aspirante, dependendo ao nivel do curso ao que opta, así coma **unha lectura a primeira vista** dunha obra ou texto proposta polo tribunal.

Un estudo a elixir entre os seguintes:

- Un estudo entre ou 14 ó 29 do libro “First Book of practical Studies for Cornet and Trumpet” de R. W. Getchell.
- Un dos exercicios das unidades 14, 15 ou 16 do libro “Aprende Tocando a Trompeta e o Cornetín de Pistóns” de Peter Wastall.

Dúas pezas a elixir entre as seguintes:

- “Allegreto” dá unidade 11 do libro “Aprende tocando a trompeta e o cornetín de pistóns”
- “Pequena peza” dá unidade 11 do mesmo libro.

Unha das pezas de concerto para as unidades da 9 a 16 do mesmo libro.

- “Vers L’avenir” de L. Picavais
- “Au chateau de Chantilly” de W. Dorselaer

- “Comptine” de Pierre Bigot.

- “Petit esbós” de Lluís Boch i Daniel

As listas de obras e estudos son a título orientativo, podendo o alumno presentar ó tribunal un programa de obras e estudos de dificultade similar ás publicadas nesta programación.

As obras que teñan acompañamento de piano poderán ser interpretadas con ou sen pianista acompañante, a elección do alumno. Será o propio alumno o que achegue o pianista se é necesario.

## **PROBA DE LINGUAXE MUSICAL**

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos cursos anteriores.

### CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz e dunha extensión de 8 compases, ata unha alteración na armadura, podendo levar tamén algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea e compás simple. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordos tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso e o compás (nesta orde)
- **Repentización rítmica:** nas claves de Sol e Fa en 4ª.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración dunha hora.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar, en clausura, ámbolos dous exercicios.